

Cando o zambo moe café

Memoria e ritmos de Hugo Blanco

JOAQUIM VENTURA

A recente desaparición do músico venezolano Hugo César Blanco Manzo, máis coñecido como Hugo Blanco, obriga a volver os ollos ás músicas nadas no Caribe latino e a súa pervivencia. E entre as cancións que actuaron de paradigma dos ritmos quentes daquelas terras, cómpre salientar “Moliendo café”. Malia que se lle soe atribuír a súa autoría, hai fontes que sosteñen que o compositor foi o seu tío, José Manzo Perroni en 1958.

En realidade, este puxo o seu nome á hora de rexistrala porque o seu sobriño daquela aínda era menor de idade. O certo é que Hugo Blanco gravou a canción en disco en 1960, á idade de vinte anos. Ben axiña a canción coñeceu novas versións e cos anos chegou a ser éxito en linguas diversas e en países como o Xapón ou Indonesia.

Hugo Blanco tivo despois unha brillante carreira como compositor, adaptador e instrumentista. Músico practicamente autodidacta, desde ben mozo sentiuse atraído pola música crioula da súa terra e ben axiña acomodou os ritmos tradicionais aos conxuntos orquestrais de música caribeña (cuxo modelo daquela era a Cuba precastista). Foi autor dunha prolífica discografía co seu grupo (Pablo Anzola, Luís Arismendi, Antonio Guédez e Nelson Blanco), con outros músicos como Simón Díaz y Joselo e incluso cun grupo infantil, La Rondallita.

A diferenza das illas do Caribe (Cuba, Porto Rico, Xamaica, Santo Domingo), onde a música popular estivo máis influenciada polos ritmos de orixe africana, os de Venezuela e Colombia están baseados na música crioula. Blanco encontrei tamén o que el chamou “ritmo Orquídea”, adaptación de ritmos xamaicanos como o ska e mais o reggae. Hibridación que anos despois tamén farían outros músicos venezolanos como Óscar D’León, quen se achegou aos ritmos cubanos. Uns músicos populares que, frecuentemente, eran vistos como vulgares por parte dos sectores elitistas de Caracas (brancos, ben brancos: incluso aqueles venezolanos de primeira ou segunda xeración de orixes galega, catalá ou vasca que aínda non tiveran ocasión de empardecer).

O segredo de “Moliendo café” radica, sen dúbida, no seu ritmo, aparentemente quedo: abonda con ollar a partitura para decatarse da repetición de moitas notas, apenas con variacións dun ou dous tons. O complemento é unha letra rica de léxico, rimada habilmente e perfectamente trenzada: “Cuando la tarde languidece renacen las sombras



Ritmos crioulos para “Moliendo café.”



O músico venezolano Hugo Blanco (1940-2015).



Ernesto Lecuona: “Para Vigo me voy”.

y en la quietud los cafetales vuelven a sentir, una triste canción de la vieja molienda en el letargo de la noche parece decir”. Poucas cancións teñen esa capacidade de evocar o momento e mais o lugar onde o protagonista, o zambo (mulato) Manuel, pena a ausencia do seu amor mentres está a moer café “incansablemente”. A escuridade da noite, a soidade de Manuel, o ritmo canso e monótono da moenda son ingredientes que axudan a facer unha música con imaxes, case un videoclip.

Un minimalismo que a emparenta con outras pequenas obras mestras. Sería o caso de “Chan Chan”, serodia canción de Compay Segundo (1987). Tras citar catro localidades de Holguín (“De Alto Cedro voy para Marcané, llevo a Cueto voy para Mayarí”), narra a posible insinuación de Juanica cara a un home, Chan Chan, mentres carrega area para a casa que están a construír e di que quere sentar no toro que está a ver (nunha metáfora que lembra aquela cantiga de Afonso Lopes de Baián “Em Arouca a casa faria”).

Ou como aquel outro bolero de Ernesto Lecuona “Siboney” (1929), de factura culta pero reproducido en centos de versións por tenores de ópera, cantantes de canción lixeira ou orquestras da máis estrita composición tropical. Unha peza que canta a unha praia de Santiago de Cuba cuxo nome estaría collido do dos habitantes prehispánicos da illa, os taínos ciboney.

Galiza tropical

A influencia da música cubana, nin que fose a de orixe crioula, chegou ben axiña a España. Lembremos a tradición das habaneras, asentadas como música tradicional en moitos lugares de costa. A música nacida no Caribe de maneira autóctona viaxou ás zonas que máis relación tiñan con aquelas illas. Non é casual a conga «Para Vigo me voy», que en 1935 compuxo Ernesto Lecuona e que popularizaron o catalán Xa-

vier Cugat e nos Estados Unidos as irmás Andrews e Glenn Miller entre outros.

Desde hai moito tempo, en Galiza –como noutros sitios onde chegou a influencia da emigración a Cuba, como Cataluña– as orquestras de música popular teñen música de raiceiras tropicais

no seu repertorio. Claro está que a mocidade de cada tempo quere os ritmos novos: antes foi o rock, despois o reggae ou o ska, e agora o reggaeton.

Pero para bailar aqueles que saben facelo, non hai como os pasodobres ou a variedade de músicas caribeñas: o cha-cha-chá, a

rumba, o merengue, a bachata e tantos outros ritmos agrupados no (falso) común denominador de salsa. Queden as muiñeiras para os romarías e as licencias celtas para a troula dos concertos de verán. Pero quen queira sentir o quecer da (posible) parella que se deixe levar polo frenesí dunha cumbia ou polo doce recollemento dun bolero. Sempre quedará a «Muiñeira de Chantada» para rematar a festa